

ACORDO ENTRE O SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS REFERENTE AO CALENDARIO DAS PROMOCIÓNS DO PAS DE BIBLIOTECAS E AO RÉXIME DE EXENCIÓNS NA FASE DE OPOSICIÓN DA ESCALA DE FACULTATIVOS PARA O PERÍODO 2006-2007 E CALENDARIO DE CONVOCATORIA DE CONCURSO DE TRASLADOS E CONCURSO-OPOSICIÓN DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Con data do 20 de maio de 2004 o Sr. Reitor da Universidade da Coruña e a Xunta de Persoal (PAS) asinaron un acordo referente ao calendario de promocións do persoal de administración e servizos funcionario, en que se establece que, unha vez aprobada a relación de postos de traballo, se debe abordar un calendario específico para as promocións do PAS das escalas de facultativos, axudantes e auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos polo que, en cumprimento do devandito acordo se fai público o seguinte calendario:

DATA	2006	2007
1.º trimestre	<p>Convocatoria de 22 prazas polo sistema de promoción interna e quenda libre ao grupo B(1)</p> <p>Convocatoria de funcionarización de persoal laboral de bibliotecas do grupo IV A ao grupo C (2) cunha convocatoria de promoción interna.</p> <p>Convocatoria de 14 prazas polo sistema de promoción interna ao grupo A (3)</p>	<p>Comezo dos exames do grupo B(1)</p> <p>Inicio dos exames para a funcionarización do grupo C (2).</p> <p>Inicio dos exames do grupo A(3).</p>
2.º trimestre	<p>Convocatoria de concurso de traslados(4)</p>	<p>Nomeamentos do grupo B(1)</p> <p>Nomeamentos do grupo C (2).</p> <p>Convocatoria de concurso de traslados que incluírá unicamente as prazas que resultaren vacantes no grupo C de bibliotecas, como consecuencia dos nomeamentos de correspondentes ao grupo B, así como as que queden vacantes como resultados do propio concurso.(6)</p> <p>Inicio dos exames do grupo C (5).</p>
3.º trimestre		<p>Nomeamentos do grupo A.(3)</p> <p>Convocatoria de 14 prazas polo sistema de promoción interna ao grupo A (7).</p>
4.º trimestre	<p>Resolución do concurso de traslados(4)</p> <p>Convocatoria das vacantes do grupo C (5) (quenda libre).</p>	<p>Resolución do concurso de traslados do grupo C (6)</p> <p>Inicio dos exames do grupo A (7).</p> <p>Nomeamentos grupo C (5)</p>

Establécese así mesmo que, durante o período 2006/2007 os aspirantes á escala de facultativos que na quenda de promoción interna superasen as probas, mais, que ao non reunir méritos suficientes, non as puideran aprobar, quedarán exentos da realización das probas na seguinte convocatoria. No suposto de que un aspirante se presente ás dúas convocatorias, na segunda terase como nota da fase de oposición a que fose máis alta das dúas convocatorias

No tocante ao concurso e ao concurso-oposición das prazas de administración xeral, o calendario acordado é o seguinte:

DATA	2006	2007
1.º trimestre		
2.º trimestre	Convocatoria de concurso de traslados.	Inicio das probas do grupo D.
3.º trimestre		Nomeamentos do grupo D.
4.º trimestre	Resolución do concurso de traslados. Convocatoria por quenda libre do concurso-oposición grupo D	

A Coruña, 4 de xullo de 2006

Asdo. José María Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

Asdo.: José Felipe Fernández López
Presidente da Xunta de Persoal
Representante sindical da CIG

Asdo.: Susana Carballal Graña
Representante sindical de UXT

Asdo.: M. Pilar Becerra Suárez
Representante sindical de CC OO